

Explotación do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME).

Datos correspondentes a xuño de 2026

Data de publicación: 02/07/2026

Principais resultados

- En xuño de 2026, rexistráronse en Galicia 396 constituicións de sociedades mercantís, 40 máis que no mes de maio.
- No mes de xuño, notificáronse 91 disolucións de sociedades mercantís en Galicia, 12 menos que o mes anterior.

1. Constituicións e ampliacións

En xuño de 2026 constituíronse en Galicia 396 sociedades mercantís, o que supón 40 constituicións máis que no mes anterior e 50 menos que no mesmo mes do ano anterior.

Número de sociedades mercantís constituídas e que amplían capital. Galicia. Xuño de 2026

Unidade: Número

	Dato do Mes	Variación absoluta mensual	Variación absoluta interanual
Sociedades constituídas	396	40	-50
Sociedades que amplían capital	91	-10	3

Fonte: IGE. Explotación do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME). ([descarga da táboa](#)).

Capital subscrito e capital ampliado. Galicia. Xuño de 2026

Unidade: Capital (en euros)

	Dato do Mes	Taxa de variación mensual (%)	Taxa de variación interanual (%)
Sociedades constituídas	18.201.030	26,18	-39,61
Sociedades que amplían capital	295.534.815	189,35	931,88

Pola súa parte, 91 sociedades mercantís ampliaron o seu capital social durante este período, 3 sociedades máis que as rexistradas hai 12 meses. O capital ampliado por estas sociedades ascendeu a 295,53 millóns de euros.

Como en meses precedentes, as provincias de A Coruña e Pontevedra continúan concentrando o maior número das novas sociedades mercantís constituídas en Galicia (46,21% e 36,62%, respectivamente), mentres que Lugo e Ourense representaron o 8,84% e o 8,33% restante.

Sociedades mercantís constituídas segundo a provincia de inscrición. Galicia. Xuño de 2026

Unidade: Número, Porcentaxe

Espazo	Número	Porcentaxe
Galicia	396	100,00
A Coruña	183	46,21
Lugo	35	8,84
Ourense	33	8,33
Pontevedra	145	36,62

Fonte: IGE. Explotación do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME).
([descarga da táboa](#)).

2. Demografía das empresas constituídas

O capital medio¹ subscrito polas sociedades constituídas en xuño de 2026 ascendeu a 45.962,20 euros por sociedade.

A práctica totalidade das empresas constituídas en xuño de 2026 en Galicia adoptaron a forma xurídica de sociedade de responsabilidade limitada. O capital medio subscrito por este tipo de sociedades foi de 45.556,20 euros por empresa.

Sociedades mercantís constituídas segundo a forma xurídica. Galicia. Xuño de 2026

Unidade: Número, Euros

	Número	Capital	Capital medio
Sociedades Mercantís (Total)	396	18.201.030	45.962,2
Sociedades Anónimas (SA)	3	340.000	113.333,3
Sociedades Limitadas (SL)	392	17.858.030	45.556,2
Outras sociedades	1	3.000	3.000,0

Fonte: IGE. Explotación do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME). ([descarga da táboa](#)).

Atendendo á actividade económica, o 15,66% das empresas creadas en xuño de 2026 pertencen á rama de Actividades inmobiliarias, financeiras e de seguros. As seguintes actividades en importancia son Comercio (co 14,39% das constituicións rexistradas en xuño de 2026), Resto de servizos (co 12,37%), Información e comunicacións (co 11,87%) e Construción (co 11,62%).

¹O capital medio subscrito por sociedade calcúlase dividindo o capital total das sociedades constituídas/que amplían capital entre o número de sociedades constituídas/que amplían capital.

Sociedades mercantís constituídas segundo a actividade económica. Galicia. Xuño de 2026.



Fonte: IGE. Explotación do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME). ([descarga da táboa](#)).

A presenza masculina segue a ser maioritaria na creación de empresas. En xuño de 2026 rexístráronse 323 socios fundadores homes, que representan o 72,26% do total, fronte a 124 socias (27,74%).

Socios fundadores das sociedades mercantís constituídas segundo o sexo. Galicia. Xuño de 2026

Unidade: Persoas, Porcentaxe

Sexo	Dato	Porcentaxe
Homes	323	72,26
Mulleres	124	27,74
Total	447	100,00

Fonte: IGE. Explotación do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME). ([descarga da táboa](#)).

As sociedades mercantís creadas en Galicia seguen caracterizándose por contar cun número reducido de socios, limitado nunha porcentaxe moi elevada das constituicións a unha soa persoa. De feito, en xuño de 2026, o 77,02% das sociedades constituídas foron creadas por un único socio fundador e o 19,19% por dous socios.

3. Disolucións, reducións de capital e transformación de sociedades

En xuño de 2026 disolvéronse 91 sociedades mercantís en Galicia, 12 menos que no mes anterior e 2 máis que no mesmo mes de 2025. Durante este mes 23 sociedades reduciron o seu capital social, rexistrouse 1 procedemento de fusión de sociedades e non houbo ningún procedemento de escisión.

O mes de xuño de 2026 pechou con 6 sociedades afectadas por concurso de acredores, 15 menos que no mesmo mes do ano anterior.

Sociedades mercantís con escisións, fusións ou en situación concursal. Galicia


Unidade: Número

Tempo	Realiza escisión	Fusionadas	Situación concursal
2025/Xuño	1	1	21
2026/Maio	0	3	10
2026/Xuño	0	1	6

Fonte: IGE. Explotación do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME). ([descarga da táboa](#)).

4. Distribución das constitucións por concellos

Sociedades mercantís constituídas segundo o concello de inscrición nos últimos 12 meses. Galicia.



Notas metodolóxicas

A Explotación do [Boletín Oficial do Rexistro Mercantil \(BORME\)](#) é unha operación estatística que elabora o Instituto Galego de Estatística (IGE) con carácter mensual. Na devandita explotación informativa do BORME, aténdese para facer os cálculos á data de publicación de cada incidencia.

O obxectivo desta operación é medir a demografía das sociedades mercantís en Galicia, ofrecendo información sobre os seguintes puntos:

- As empresas creadas, as que amplían e reducen capital, e as que desembolsan dividendos pasivos.
- Información sobre as empresas en situación concursal e as quebras, disolucións, extincións e transformacións de sociedades ocorridas no mes de estudo.
- Información sobre o número de socios fundadores das sociedades constituídas cada mes, así como da súa distribución por sexo.

Definicións, fontes e máis información

Definicións

- [Definicións](#)

Descarga de datos

- [Evolución das constituicións, ampliacións de capital, reducións de capital e disolucións de sociedades mercantís. Galicia](#)
- [Sociedades mercantís constituídas segundo a forma xurídica. Galicia e provincias](#)
- [Sociedades mercantís constituídas segundo a CNAE 2009. Galicia e provincias](#)
- [Distribución dos socios fundadores segundo o sexo e a forma xurídica da sociedade mercantil. Galicia](#)
- [Sociedades mercantís constituídas segundo o concello de inscrición](#)
- [Sociedades mercantís con escisións, fusións e concurso de acredores. Galicia](#)